



ANUNCIO

Relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de Administración xeral interinos

Por Resolución da concelleira delegada de Servizos Sociais e Recursos Humanos número 1170/2024 do 2 de outubro de 2024 aprobouse a relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de Administración xeral interinos ca única aspirante que superou a fase de oposición e coa puntuación acadada, para poder ser utilizada segundo se establece na base novena das que rexen esta convocatoria, segundo se detalla a continuación:

ASPIRANTE	Fase de oposición	Fase de concurso	PUNTUACIÓN TOTAL
SERENA ALFONSO	5,22	0,35	5,57

Esta relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de Administración xeral interinos publicarase na páxina web municipal e nos taboleiros de anuncios do Concello de Cambre.

Esta resolución, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é de un mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente

A concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos
P.D. (Resolución nº 469/2024, do 12 de abril)

María Yolanda Díaz Baldomir